

**9291** *LEI 13/2006, do 26 de maio, pola que se derroga o réxime de alleamento de participacións públicas en determinadas empresas establecido pola Lei 5/1995, do 23 de marzo, e as súas disposicións de desenvolvemento e execución.* («BOE» 126, do 27-5-2006.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

I

A Lei 5/1995, do 23 de marzo, de alleamento de participacións públicas en determinadas empresas, tiña como finalidade principal a de responder á garantía do interese público presente na actividade de determinadas empresas que, ata ese momento, estiveran baixo o control da Administración pública titular da totalidade ou da maioría do capital social e que entraron en proceso de privatización.

Ata entón, como a propia Lei dicía na súa exposición de motivos, esta garantía estivera cuberta coa propiedade pública das empresas en cuestión. Porén, o novo escenario en que, a partir de entón, se ían encontrar aquelas empresas cuxa propiedade ía pasar a mans privadas e cuxo centro de control ía, en consecuencia, situarse extramuros dos poderes públicos, exixía a adopción de medidas específicas en garantía do interese público inherente á súa actividade.

A citada lei instaurou así un réxime de autorización administrativa previa á realización de determinados actos, entre os cales se incluía singularmente o alleamento a terceiros de porcións significativas do capital social.

Este réxime foi, porén, cuestionado desde o punto de vista da súa adecuación ao dereito comunitario europeo, o que deu lugar a un proceso ante o Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas que concluíu coa sentenza do 13 de maio de 2003 (asunto C-463/00), en que foron declarados contrarios a aquel dereito os preceptos da Lei 5/1995, do 23 de marzo, que constituían o núcleo do dito réxime.

Co fin de corrixir coa maior celeridade posible as contradicións declaradas polo Tribunal de Xustiza na devandita sentenza e manter, ao propio tempo, un réxime de control sobre as empresas suxeitas á Lei 5/1995, do 23 de marzo, que aínda entón se consideraba necesario e útil, levouse a cabo unha extensa reforma desta, a través da disposición adicional vixésimo quinta da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Pero o certo é que, como puxo de manifesto a Comisión Europea na carta de emprazamento dirixida ao Goberno español o día 7 de xullo de 2004, o réxime xurdido tras esta reforma non resulta conforme co Dereito Comunitario Europeo.

Por outro lado, tras un máis que razoable período de vixencia, durante o cal o réxime anterior demostrou a súa utilidade, pódese afirmar que a estabilidade das empresas obxecto daquel está hoxe en día asegurada e non se aprecian riscos significativos para o regular desenvolvemento das súas actividades. Isto obriga a cuestionar a necesidade de manter a súa vixencia nun momento en que a súa finalidade quedou xa suficientemente cumprida.

II

O anterior serve para explicar as razóns a que responde esta norma. Trátase, por un lado, de superar de maneira definitiva as dificultades xurdidas para a adaptación da normativa española ao Dereito Comunitario Europeo, e dar debido cumprimento á sentenza do Tribunal de Xustiza no asunto indicado anteriormente, evitando así a inminente imposición a España de sancións ex artigo 228.2 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea. E, por outro lado, de dar a solución que unha análise obxectiva e realista da situación actual amosa como máis adecuada.

A devandita solución consiste en desactivar o sistema de controis públicos que, ata agora, se aplicaba ás operacións obxecto da Lei 5/1995, do 23 de marzo, dado que, como se expuxo anteriormente, a situación actual reflicte a súa innecesariedade. Sendo así, carecería de sentido prorrogar a vixencia dos citados controis unha vez que a súa finalidade se cumprixe.

De aí que, como se dixo, se optase por suprimilos, e dar así por concluído o período de transición a cuxo bo fin se ordenou a citada Lei 5/1995, do 23 de marzo, e por normalizada a situación das empresas que tiveron que pasar por el.

III

Tras a carta de emprazamento remitida pola Comisión Europea ao Goberno de España e, máis aínda, tras o ditame motivado emitido polo dito órgano o 5 de xullo de 2005, no cal se reitera a obriga do Reino de España de executar a sentenza do Tribunal de Xustiza e se sinala á atención do Goberno español as sancións pecuniarias que, en caso contrario, poden serlle impostas en virtude do artigo 228.2 do Tratado, é obrigado adoptar esta norma, co fin de evitar a imposición de sancións do artigo 228.2 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea que doutro modo tería lugar.

Artigo único. *Derrogación de disposicións.*

1. Quedan derrogadas as seguintes disposicións:

- A Lei 5/1995, do 23 de marzo, de alleamento de participacións públicas en determinadas empresas.
- A disposición adicional vixésimo quinta da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.
- A disposición adicional vixésimo sexta da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

A derrogación estenderase, en particular, ás disposicións regulamentarias a que se refiren os parágrafos 2.º e 3.º desta que, no momento de se publicar a presente lei, aínda estivesen vixentes.

2. Queda así mesmo derrogada calquera outra disposición de igual ou inferior rango que se opoña ao disposto nesta lei.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Por tanto, mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 26 de maio de 2006.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO